

NOME: Cousas do Carrabouxo de Marín.

REFERENCIA: 00003.

NÚMERO PARTICIPANTES: Mínimo 6. Aconsellable menos de 30.

IDADES: A partir de 11 (pódese facer con participantes de menos idade, mais a dinámica troca por completo).

ESPAZO

Espazo en función do número de participantes, sempre que haxa dabondo para poder debuxar/escribir.

MATERIAIS

- Viñetas plastificadas de humoristas galegos en branco e negro sen o texto. Cómpre que haxa máis viñetas ca participantes. Máximo 3 exemplares da mesma viñeta.
- Rotuladores permanentes de punta fina (1 por persoa).
- Alcol para borrar os textos despois de cada vez que se realice a actividade.
- Viñetas orixinais co texto (para amosar).

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

DURACIÓN (TEMPOS APROXIMADOS)

15 minutos

1. Introducción. 2 minutos.
2. Inventar texto. 2 minutos.
3. Comparar viñetas en tríos e mais o orixinal. 2 minutos.
4. Idear escenas. 4 minutos.
5. Presentar escenas. 5 minutos.

DESCRIPCIÓN

1. Individualmente escollen unha viñeta sen texto.
2. Individualmente inventan un texto para a viñeta escollida.
3. Xuntarse en grupos de 3 con quen ten unha viñeta igual, e comparar textos creados para as viñetas.
4. Unha vez compartidas as novas creacións, amósaselles o orixinal.
5. Cada grupo debe idear unha breve escena inspirada na viñeta con calquera das versións dos textos.
6. Presentar as escenas ante o conxunto.

CONTIDOS EDUCATIVOS

Permite explorar o humor -o tan necesario humor- como recurso expresivo persoal e colectivo.

Permite explorar a creatividade verbal dos participantes.

Permite explorar a creatividade escénica a partir dun *gag*.

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

PRETEXTO CONTEXTO

“Que sería de Galicia sen retranca, sen sentido do humor, sen capacidade de rirse dun mesmo e da vida? Un bo chiste ten dobre e ata triplo sentido, e deixa pensando a quen o escoita. Galicia foi sempre unha mina de humoristas, cómicos e non tan cómicos, que son capaces de resumir as grazas e desgrazas do mundo nunha breve frase.

Atrevédesvos?”

MATERIAL ANEXO

Tres copias dunha ducia de viñetas de humoristas galegos, plastificadas e cos textos en branco.

Unha mostra das mesmas viñetas, co texto orixinal.